

**Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Catoira para reducir o risco de inundación na ARPSI dos ríos Ulla e Sar, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020**

## 1. Antecedentes

O Concello de Catoira ten atribuída, entre outras, a competencia de medio ambiente, regulada no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 80.2.f) da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia que atribúe aos concellos competencias medioambientais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Augas de Galicia ten competencias para adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos, e correspóndenlle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

En cumprimento do establecido no Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, que traspón á lexislación española a Directiva 2007/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, Augas de Galicia redacta, e revisa cada seis anos, a avaliación preliminar do risco de inundación (EPRI) da demarcación hidrográfica Galicia Costa, en colaboración coas autoridades de Protección Civil, a Administración xeral do Estado e outros órganos competentes das comunidades autónomas.

O proceso de planificación, unha vez declarada unha zona como área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI), leva consigo o posterior desenvolvemento de mapas de perigosidade e risco de inundación, para a súa incorporación ao plan de xestión de riscos de inundación da demarcación hidrográfica Galicia Costa, no que se determinan as medidas a realizar por cada unha das autoridades competentes de cara a minimizar os efectos negativos das enchentes.

Nas ARPSIS con maior risco, recóllese a necesidade de redactar un Plan Específico de Xestión do Risco de Inundación, no que se traballa a nivel de detalle na propia Área con Risco Potencial Significativo de Inundación para tratar de minimizar os riscos concretos da ARPSI, incrementar a calidade ambiental das contornas fluviais e recuperar a condición dos ríos como hábitats naturais, abordando todas as tipoloxías de medidas a adoitar por parte de cada unha das autoridades competentes.



No plan de xestión específico realizado nas ARPSI dos ríos Ulla e Sar contempla varias opcións para realizar actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado as ditas ARPSI, entre as actuacións prioritarias figura a que é obxecto deste convenio: mellora do espazo fluvial do rego Gondomil no cruce coa estrada EP8702. Catoira (Pontevedra).

## 2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Catoira que permitan redactar o proxecto construtivo para a mellora do espazo fluvial do rego Gondomil no cruce da estrada EP8702, acometer as obras e para a súa posterior conservación e mantemento.

## 3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

Tal como se recolle no apartado primeiro desta memoria, o plan de xestión específico a ARPSI dos ríos Ulla e Sar contempla como unha das súas actuacións prioritarias a mellora do espazo fluvial do rego Gondomil no cruce da estrada EP8702, na procura de minimizar o risco de inundación e recuperar a calidade ambiental e fluvial dese entorno asociado a dita ARPSI.

En atención ao anterior Augas de Galicia e o Concello queren e deben colaborar para executar actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado ás Áreas de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) dos ríos Ulla e Sar e consideran que o primeiro que hai que facer é realizar os proxectos construtivos das citadas actuacións para a súa posterior execución.

Por iso, tendo en conta os beneficios que se derivan tanto para os habitantes da zona como para o entorno natural e considerando a confluencia de intereses, pretende colaborar para realizar os citados proxectos e posteriormente executalos así como artellar as bases para a óptima coordinación das súas actuacións.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvólvese con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

## 4. Estimación de custos e financiamento e estrutura

O custo total para a contratación dos proxectos contemplados neste convenio e da súa execución financiarase integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de trescentos mil euros (300.000,00 €). Coa distribución de anualidades seguinte:

2021	2022	2023
20.000 €	100.000 €	180.000 €



Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A vixencia deste convenio estendese ata o 31 de decembro de 2023.

As actuacións do convenio serán cofinanciados pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

A estrutura das súas cláusulas responde ao seguinte: *Primeira.-* Obxecto do convenio; *Segunda.-* Obrigas; *Terceira.-* Réxime de financiamento e obrigas de carácter económico; *Cuarta.-* Comisión de seguimento; *Quinta.-* Relación laboral; *Sexta.-* Natureza do convenio; *Sétima.-* Vixencia do convenio; *Oitava.-* Modificación do convenio; *Novena.-* Extinción do convenio; *Décima.-* Protección de datos de carácter persoal; *Undécima.-* Responsabilidade por incumprimento do dereito da Unión Europea; *Duodécima.-* Publicidade.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela  
A directora de Augas de Galicia  
Teresa María Gutiérrez López  
(*asinado dixitalmente*)

